



OFICIALIA MAIOR
Praza Maior Nº1
32005 - Ourense

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de 26 de xuño de 2023, adoptou, entre outros, o seguinte ACORDO:

32.- Adxudicación, se procede, do contrato das obras de humanización e mobilidade vertical na contorna da praza das Mercedes e na rúa Arturo Pérez Serantes. (Exp.2022026621)

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade, acordou:

Primeiro.- Adxudicar a Extraco, Construccións e Proxectos SA, titular do NIF A32002644, o contrato das obras de humanización e mobilidade vertical na contorna da praza das Mercedes e na rúa Arturo Pérez Serantes (expediente núm. 2022026621), de acordo co proxecto e o prego de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local e as ofertas presentadas, por resultar a oferta coa mellor relación calidade-prezo, por un prezo de 1.683.570,00 €, en concepto de principal, e 353.549,70 €, en concepto de IVE, para un total de 2.037.119,70 €.

Melloras:

- Mantemento integral das ramplas mecánicas: 48 meses
- Aumento do prazo de garantía: 48 meses

Financiamento: Con cargo á aplicación orzamentaria 100.1532.60902 (Nº operación fase A: 202300020240 (Proxecto de gasto 22-2-10-04).

Este contrato se financia con cargo ao Programa de axudas a municipios para a implantación de zonas de baixas emisións e a transformación dixital e sostible do transporte urbano, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, de conformidade coa resolución provisional da Secretaría Xeral de Transportes e Mobilidade do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana (Código de actuación: MRR P6_L2-20210929-2. Importe máximo da subvención: 1.948.148,26 €).

Segundo.- Dar traslado á Tesourería municipal do acordo precedente aos efectos contables oportunos.

Ourense, na data da sinatura electrónica.
O CONCELLEIRO-SECRETARIO,

Armando Ojea Bouzo

